

### Taxa de inserción laboral

O único estudo de inserción laboral dos titulados da ESAD de Galicia foi o realizado polos profesores da Universidade de Vigo, María Dolores Dapía Conde, Reyes Fernández González e Manuel Francisco Vieites García, e foi publicado en <http://revistas.udc.es/index.php/reipe/issue/view/59/showToc>.

Tratouse dun traballo voluntario que foi comunicado no seu día á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, sen que por parte dese departamento se recibise ningunha comunicación ao respecto.

Ese estudo permitiu elaborar un cuestionario específico para coñecer de forma ampla a transición á vida activa dos titulados e tituladas de arte dramática. Non obstante non volveu ser aplicado porque o proceso de recollida de datos e o procesamento da información implica dispoñer de recursos humanos e materiais cos que nestes momentos non contamos.